

Reflexións desde o Ano da Memoria

Reflections from the Year of Remembrance

Emilio GRANDÍO SEOANE

Universidade de Santiago de Compostela
Departamento de Historia Contemporánea e América
egransen@usc.es

[Recibido, febreiro 2007; aceptado: marzo 2007]

Era o ano de facelo. O 2006 foi declarado tanto pola Xunta de Galicia como polo Goberno do Estado como o Ano da Memoria. Era o momento para reconfigurar de xeito serio e rigoroso o que significou a II República e a guerra civil, non dende unha perspectiva de pasado, senón cara ó futuro, especialmente cara ás novas xeracións. A vontade política da Consellería de Cultura no tema foi decidida e as súas actividades serviron como mascarón de proa de moitas outras iniciativas que xa se viñan facendo de anos antes —nalgúns casos tamén por institucións, como o caso da Deputación da Coruña— e que tiveron unha presenza reiterada nos medios de comunicación durante o pasado ano.

É evidente que o traballo de recuperación dese pasado non remata co ano, mais si pode servirnos como excusa para revisar aqueles complicados e apaixonantes anos trinta. Si, ledes ben: revisar. Este verbo, que ten unha connotación negativa notable ó falar deste tema en concreto, é realmente o traballo dos historiadores. A historia non é fixa: varía co tempo e coas épocas, como tamén mudan as persoas e o seu xeito de entender o mundo que os rodea. A historia é unha revisión constante.

En todas as sociedades que sufren unha guerra civil, a súa pegada permanece un longo período de tempo. Neste caso aumentado tanto pola magnitude da súa represión como pola duración da mesma, con distinta intensidade durante toda a Ditadura. Non é doado asumir como normais as loitas ata a morte de irmáns contra irmáns e de membros das mesmas familias. Todo isto a partir dunha cuestión ideolóxica, convertida tanto en excusa como símbolo da aplicación das utopías políticas respectivas.

O seu pouso é aínda de maior calado. As sociedades menos preparadas para saldar contas

co seu pasado son precisamente aquelas que teñen unha tradición democrática más feble. A II República como tal réxime democrático, sen estar inmerso nas singulares circunstancias dun conflito armado, durou cinco anos; a ditadura franquista durou case corenta. Mais o certo é que falamos da República coma se durase corenta anos, debido á pervivencia de boa parte dos seus valores; e paradoxalmente da Ditadura coma se durase cinco, debido sobre todo á ausencia de estudos sobre ese pasado, tamén nos.

Dende os primeiros comunicados do Xeneral Mola as instrucións eran consecuentes coa mentalidade militar: a “extirpación cirúrxica” do mal que lle afectaba á sociedade española. O control pretendía ser absoluto, como ben lle corresponde ás intencións do exército africanista, auténtico inspirador dos modos e xeitos da represión. O medo e o terror, a espera sistemática da patada na porta nas primeiras horas da madrugada, convertíronse nunha rutina non precisamente espontánea, senón perfectamente planificada e que se convertira nun elemento máis da mesma dinámica represiva. Mesmo os lugares dos paseos, ainda que apartados, non son o suficientemente afastados para que non se saiba deles, procurando en boa parte dos casos un efecto amplificado de temor. Os Campos de Concentración, de principio considerados simplemente un espazo de retención persoal, fóreronse convertendo a medida que avanzaba a guerra e coa axuda de asesores do III Reich, nun sistema de control polo que pasou boa parte da poboación civil da época. A saída do exilio nunca foi facilitada, a non ser en casos moi contados e nos primeiros meses do conflito, a través de vías insospeitadas de saída.

A vixiancia sistemática da poboación convértese nun dos elementos fundamentais para enten-

der a extensión dunha cultura da violencia que tamén cabe dicir, non é atribuíble exclusivamente ó sector triunfador, senón á mesma cultura política europea de entreguerras: véxase senón a folga xeral revolucionaria de outubro de 1934, e os seus efectos na sociedade conservadora do momento. Boa parte dos que non participan dela, que non podían nin tan sequera imaxinar que se producira tal intensidade represora, colleronos precisamente na súa casa, imaxinando se cabe unha represión que repetira a da época da Ditadura de Primo de Rivera.

É indubidable que o carácter da represión veu marcada por dúas institucións co apoio de boa parte da sociedade civil conservadora: o exército —ou os valores militares na súa extensión de Guardia Civil ou Policía nas cidades— como brazo executor e expresión da força das armas, e a igrexa, no seu papel de referente ideolóxico e defensa dos valores conservadores —ademas de vencellarse directamente o golpe na maior parte dos ámbitos locais—, que determinaron a continuidade dunha idea de España.

O réxime franquista fixou como base da súa lexitimidade a imaxe do desorde da II República, asociando ó sistema democrático a un proceso de inestabilidade social e política. Xa non era a primeira vez: co recordo institucional da I República pasara algo semellante. Tras case catro décadas, a pegada desta idea marcou o desenvolvemento de moitas xeracións. E boa parte dos seus propósitos conseguiuños: a chamada transición realizouse sen aparentes brusquidades. Ata 1995 non se retiraron as moedas coa efixie de Francisco Franco, ¡vinte anos despois da súa morte!

A guerra civil, fala de anos de violencia e mentiras, de odios e vinganzas... Dúas sensacións definitorias e comúns a todas as testemuñas da época: unha, a da impotencia, que se atopa diante, detrás e no medio de cada un dos documentos xerados pola represión; e dúas, más perdurable no tempo, e que en boa parte levounos a fixar as nosas vontades investigadoras particulares niso: o silencio.

É o silencio dos anos da guerra, esa sensación de que “as paredes oen”, o silencio das vítimas e dos seus familiares, gardado durante anos e décadas, como símbolo e lembranza duns tempos que ninguén quere que retornen. Ese silencio, perdurable durante a continuidade de case corenta anos do réxime franquista, transfigurouse anos máis tarde noutro símbolo: no da ‘reconciliación nacional’ da transición.

De feito o modelo específico de transición “á española” é distinta das outras dúas do noso contexto temporal e espacial, da grega e da portuguesa. Dos tres, o sistema político democrático do Estado español foi o único do século XX que non pediu saldar contas co seu pasado. Na orixe deste modelo de comportamento atópanse varias razóns: pervivencia do aparello político franquista, mesmo personificado no liderazgo do proxecto; a duración lonxeva do réxime, que provocou a estabilización e asunción de actitudes individuais fagocitándoas dentro da mesma sociedade; incapacidade da oposición política interna e externa de levar adiante un cambio político radical sen o apoio do “vello poder”; falta de tradición política democrática; continuidade das pautas de cidadanía e de comportamento dunha sociedade civil... e moitas outras máis.

Mais de feito non se avanza nada cara ó futuro botándolle ás culpas ó pasado máis recente. O chamado “silencio da transición”, o denominado usualmente como “pacto de silencio”, non foi un acordo feito únicamente polas elites políticas do estado, orixinarias dun e doutro bando. Senón que cabe lembrar que naqueles anos, non só os grupos políticos, senón a grande maioria da sociedade tiña como lema respecto ó tema: o “nunca máis”. O camiño que se emprendía daquela non foi nada doado, e precisábanse todas as forzas para levalo a bo porto. Os intereses de cada partido e organización política eran variados, e a súa convicción de que era necesaria a consolidación dun sistema democrático era clara por distintos motivos. O recordo do conflito armado, e sobre todo, o recoñecemento interno da II República como un sistema democrático válido para a sociedade española, ainda que recordado de xeito notable, non o foi dende a perspectiva dunha circunstancia pasada, senón como algo moi presente na vida española, despois de corenta anos.

Á altura dos primeiros anos do século XXI, tras varias décadas de difusión dos valores da cultura democrática occidental —totalmente perceptibles a través do ensino e dos medios de comunicación— desenvolveuse no Estado unha nova sociedade. Unha sociedade que ten dificultades para se recoñecer no seu pasado, non tanto porque non llo explicaran —o tan socorrido mito da non explicación nas aulas sobre o tema— senón porque ó salto no cambio das conciencias, sobre todo especialmente naqueles estratos sociais de menor idade, e o silencio das xeracións anteriores a elas foi tan clamoroso e rotundo, que non se per-

cibe como propio. É precisamente nese momento —e por outras circunstancias como a coxuntura política do Estado, a incidencia das imaxes da Guerra dos Balcáns...— cando xorde un movemento social novo, caracterizado por ser fillo do seu tempo, xa que a través dun feito concreto como é a exhumación dos restos de familiares fusilados durante a guerra civil e o franquismo reábrese un debate moito máis fondo sobre o pasado, e como éste inflúe na nosa realidade: a memoria.

O trauma da guerra civil impídenos moitas veces ollar os anos da II República dende unha perspectiva que non sexa a dun final tráxico. Non é doadoo aillarse desa interpretación, desa unidade indisoluble que segue a ser a II República e a guerra. As reflexións propagandeadas durante os anos restantes sobre o dramático conflito armado fixo realidade a ecuación matemática: sistema democrático=guerra civil. O que se pretendía era difundir a idea de que España, singular, era incapaz de ser gobernada dende a coxuntura do debate e do diálogo. Tamén a transición é debedora desta percepción: a mediados dos anos setenta o rexeitamento da bandeira tricolor ou a mesma palabra de moda do momento —o “consenso”— sería impensable sen aquel recordo.

Mais observamos como o pasado segue a ser fundamental para o noso futuro. A Historia forma parte da nosa pel: porque somos o que fomos. A memoria, a reconstrucción individualizada do pasado a través dunha selección de feitos pretéritos, é parte da nosa identidade comunitaria. Nacemos e convivimos con ela. Mais tamén somos capaces de mudala, de xeito consciente ou inconsciente, precisamente porque é un fenómeno particular que se corresponde máis co presente que co pasado. Porque ademais, a memoria —e neste caso concorda coa ciencia social chamada historia— non é única. No caso do debate histórico isto non é negativo, senón claramente positivo. Entender —e facer ver— a diversidade de pareceres é un elemento consubstancial da nosa disciplina científica, que tenta interpretar as motivacións e accións dos homes e mulleres nun tempo e nun espazo concreto.

A quen lle interesa a existencia de dúas memorias enfrentadas? Evidentemente a aqueles que pretendan artellar a memoria como outro terreo de pugna política. A visión dunhas “dereitas” e dunhas “esquerdas” homoxéneas, sen fisuras e inmutables a través das décadas só lles pode interesar a aqueles que únicamente viven o presente, que non

se interesan polo coñecemento do pasado nin tamén pouco polo que lles pode acontecer no futuro.

O debate, o diálogo entre posiciones e pareceres distintos, é consubstancial ó desenvolvemento humano. A estreita liña que separa o pasado do presente a través da mente dunha persoa pode mesturar conceptos e sensacións se non posúe a necesaria información co traballo pausado e rigoroso dos historiadores. Memoria e historia son dous termos que se confunden e entrecruzan, mais que deben ser entendidos como coñecementos complementarios.

Nun tema tan espiñento como o da represión franquista, como a expresión última en Galicia da aplicación da violencia política, estas dúas definicións deben quedar ben clarificadas. Precisamente porque non estamos a falar dunha década calquera, senón possiblemente dos anos máis decisivos para o desenvolvemento futuro da súa sociedade.

Porque hai que desmentir de xeito rotundo que non se traballara ata este momento sobre o tema en Galicia. Aínda que os traballos dos investigadores galegos foron más tardíos na súa realización ca outros do Estado, ó final sumáronse ata ter neste momento tres teses de doutoramento defendidas nas aulas universitarias e multitude de traballos más focalizados espallados polo territorio galego. O pouco eco social dos traballos historiográficos realizados sobre o tema ata datas ben recentes e a distancia temporal de varias xeracións respecto da percepción directa dos feitos e as súas consecuencias, provoca un lóxico afastamento daquela realidade social, moi distinta da actual. Deste xeito, a percepción vai morrendo —por lei de vida— e non queda escrita nos documentos oficiais. Curiosamente cando apenas quedan testemuñas reais e directas da percepción da barbarie.

Nestes anos perdeuse a percepción do que significou realmente vivir —e sentir— nos anos trinta. Cada vez resultan menos doados explicar cales foron as sensacións, cal foi a percepción das sociedades dos anos trinta. O proceso de mitificación deste período —dun e doutro bando participante no conflito— foi de tal calibre que, sen un indispensable contraste, pode chegar a asumir os mitos como a realidade.

As xeralizacións conducen á creación de mitos. O non falar dos temas leva a simplificacións a través deles: tanto naqueles que indican que a leximitidade do golpe militar de xullo veu polos seus efectos posteriores que indicaban a incapacidade da democracia parlamentaria para o Estado español, como dos que non expresan os

defectos na dirección das elites parlamentarias republicanas. Se ben no primeiro dos casos a construcción dessa idea foi intencionada e mantida durante décadas, no segundo a mitificación foi ata certo punto obrigada e prolongada durante moito tempo debido á falta de autorreflexión dos perdedores da guerra civil, deformando as sensacións directas daqueles anos, nunha necesidade de supervivencia, intensificado tras o remate da Segunda Guerra Mundial.

O que pasou nos anos trinta en España —e en Galicia— foi un proceso cargado de complexidade. E como tal problema complexo debe ser abordado e, valla a redundancia, de xeito e con explicacións complexas. Non unívocas e lineais, senón poliédricas. Non é posible entender estes anos sen as perspectivas dun posible conflito mundial; do ascenso das posicións totalitarias —de esquerda e dereita— concibidas como modernas sen coñecemento do seu resultado posterior; dende o artellamento da loita de clases; dun contexto de crise económica, de analfabetismo; de continuidade de vellas elites políticas estáticas, de chegada de novas elites políticas con escasa experiencia; de problemas de definición do mesmo réxime político coa constitución dun arco parlamentario “singular” nas Constituíntes; das nada doadas relacións entre Igrexa e Estado...

Dende a miña opinión tamén creo que nesta loita contra o tópico, contra a acomodación do pensamento sobre o tema, perdémonos moitas cousas no camiño. Non é doadoo trasmir as percepcións dun lapso temporal de 75 anos. Non é fácil asumir o cambio que supuxo nas mentalidades daquela vivir os cinco anos de réxime republicano, década que os marcaría persoalmente e tamén os dos seus descendentes. En boa parte isto non é factible porque boa parte dos elementos que naqueles intres supuxeron unha auténtica revolución nas vidas das persoas, na actualidade consideráranse algo normal e cotián, mais non o eran naquel contexto.

Non é fácil explicar que supuxo para boa parte da sociedade galega a chegada do ensino estatal dende unha perspectiva laica, na consideración das escolas como un ben común para toda a sociedade. Non é tampouco moi doadoo explicar cal foi a percepción da xerarquía eclesiástica e os seus representantes, de pasar de ser case un elemento máis da España ‘oficial’, de controlar os mecanismos de xestión de conformación das mentalidades a que, de súpeto, se viran fóra de toda relación coa maquinaria estatal, perdendo da noite á mañá

grande parte da súa influencia social exercida a través da rede de ensino.

Tampouco pode ser doadoo trasmir a nova relación que se estableceu entre a sociedade e o Estado a partir das novas posibilidades que abría un contrato electoral con garantías, que, aínda que con moitos problemas, significou dotar dun poder efectivo e real ós seus habitantes, convertidos en cidadáns —homes e mulleres— de pleno dereito. Seica por primeira vez, a estrutura do Estado, o poder en suma, non se observaba como un ente superior aldeo ás súas expectativas vitais. Se a importancia do poder local é clave para explicar o rumbo das comunidades galegas, naqueles anos a súa actividade foi moiísimo maior, reproducindo case mimeticamente a dependencia do oscilante rumbo político do Estado.

Tampouco é doadoo explicar que conxunción de mareas puido anegar a toda a sociedade nun *tsunami* de violencia, ó considerar ós poucos que as opcións de forza podían ser valiosas e benéficas para a práctica política, asumindo que os dereitos colectivos tiñan primacía sobre os individuais, mesmo despoxando a boa parte da sociedade da súa capacidade de intervir na defensa dos seus intereses.

A chegada do réxime nazi ó poder en Alemaña significou unha viravolta nas consideracións da esquerda e da dereita. A dereita ficou embelesada ante o carisma, espectacularidade e subxugación que amosaban as postas en escena dos desfiles nazis e as propostas ilusionantes dun Chanceler Hitler ante un mundo en fonda crise de valores. A esquerda levantou todas as súas alertas ante a chegada do fascismo ó poder no mesmo centro de Europa. Porque o nacionalsocialismo na cúspide do Estado alemán non fora produto dun golpe de estado, nin dunha tentativa insurreccional. Non. Fora a través das urnas, das mesmas que tiña a democracia española. Esta situación, moi perceptible a partir de 1934, cunha esquerda progresista que gobernara durante o primeiro bienio e que logo das eleccións do 33 quedara praticamente sen representación parlamentaria, cunha dereita no poder que precisaba do apoio da CEDA —que tiña milicias de fonda estética fascista—, provocou unha forte radicalización da vida política. Nesa deriva tivo lugar a tentativa revolucionaria de outubro de 1934, que foi considerada xa pola dereita como o antícpo das intencións de crear unha nova república soviética en España. No momento previo ás eleccións de febreiro de 1936 os programas políticos unificábanse nos extre-

mos. Tanto Largo Caballero como José Antonio Primo de Rivera non contemplaban dentro das súas perspectivas a derrota electoral: a alternativa ó fracaso nas urnas era a vontade insurreccional contra a soberanía nacional.

Setenta anos despois do golpe militar de xullo de 1936 que derivou nunha guerra civil prolongada de preto de tres anos e nunha ditadura militar de case corenta, comezamos a albiscar as respuestas a aquela pregunta que se converteu no fundamento e na base da chamada transición democrática e do réxime democrático actual, o maior en duración na nosa historia contemporánea: como foi posible esa violencia? Que xerou a difusión dese virus da barbarie que posibilitou que se mataran familiares entre si en beneficio de supostas utopías? Que provocou esa tolema colectiva chamada guerra civil?

Unha resposta sinxela sería a seguinte: un golpe de estado dirixido por militares e apoiado por parte da sociedade civil conservadora, que fracasou no seu proxecto de pronunciamento militar clásico de poucos días para virar o rumbo político do Estado e que, por diversas circunstancias, derivou nun prolongado conflito militar. Mais unha cousa é evidente: non é posible respondela minimamente sen entender o contexto, sen tentar perfilar —dende unha perspectiva a medio e longo prazo— como se cociñou un caldo de culti-

vo para a violencia, logo expreso nunha guerra civil. Se non atendemos a estes elementos todo resulta semellante, a información non se xerarquiza. As feridas non se poden curar sen aplicar remedios sobre elas, mais para o diagnóstico é imprescindible a súa análise: tapalas, esquecerse delas por un tempo, pode levar a gangrena.

Os historiadores pretendemos abordar este tema dende a asunción de que somos os profesionais da materia, educados e formados cos rudimentos necesarios para traballar sobre o pasado, daquilo que se chama facer ver o contexto, ollar no pasado do xeito máis real posible, coas mínimas interferencias co presente. Debemos aproveitar os historiadores o rol asumido pola sociedade de sermos os “notarios” do pasado, afrontándoo do xeito máis rigoroso posible.

A resposta non pretende ser única. O que si semella estar claro é que sen entender a década dos trinta no contexto internacional, español e galego, non se poden explicar as orixes daquela represión. Loita de clases? Loita de relixión? Modernidade contra tradición? República soviética contra fascismo? A resposta non semella que fora unha soa, como acontece con toda investigación histórica, senón a converxencia de todas elas: distintas caras dun mesmo —explosivo e tráxico— poliedro.